

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Aprobación definitiva da primeira modificación puntual do regulamento de bolsas de traballo do Concello de Ames*

#### ANUNCIO

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DA PRIMEIRA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO DE BOLSAS DE TRABALLO DO CONCELLO DE AMES.

Sendo aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Ames en sesión de 28 de setembro de 2017 a primeira modificación puntual do Regulamento de Bolsas de Traballo do Concello de Ames, durante o prazo de de exposición pública (BOP 196 de 16 de outubro de 2017) foi presentada unha alegación que foi estimada en sesión plenaria de 28 de decembro de 2017, prestando aprobación definitiva á primeira modificación puntual do Regulamento de Bolsas de Traballo do Concello de Ames.

Publícase integramente a modificación aprobada definitivamente no BOP, en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, entrando en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da mesma lei.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b) ambos os dous da Lei 29/1988 de 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, contra o presente acordo de aprobación definitiva os/as interesados/as poderán interpoñer recurso contencioso administrativo diante da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Poderán así mesmo interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto integro da modificación puntual aprobada definitivamente é o seguinte:

Artigo 4bis. Duplicidade nas bolsas: bolsas de traballo destinadas á cobertura de vacantes ata a provisión definitiva e bolsas de traballo destinadas a outras coberturas temporais.

As bolsas xa creadas ou de nova creación sufrirán unha duplicidade, de tal xeito que a mesma bolsa de traballo se desdoblará en dúas, unha destinada á cobertura de vacantes ata a provisión definitiva e outra destinada a coberturas temporais distintas á anterior.

A situación na que o/a candidato/a se atope nunha das bolsas de traballo é independente da que se poida atopar na outra.

Artigo 7bis.- Situacións nas que se pode atopar un/unha candidato/a integrante das bolsas de traballo para a cobertura de vacantes ata a súa provisión definitiva no Concello de Ames.

As situacións nas que se pode atopar o/a aspirante nestas bolsas é igual ás do artigo 7 deste Regulamento.

Non obstante, trataríase dunha bolsa independente da outra, de tal xeito que a situación na que se atope o/a candidato/a nunha das bolsas é independente da situación na que se pode atopar na outra.

A esta bolsa só se acudirá para a cobertura de vacantes ata a súa provisión definitiva, e sempre e cando, esta vacante non sexa consecuencia da perda da condición de persoal do Concello, obtención doutro posto no Concello por algún dos sistemas de provisión ou acceso ao emprego público contemplados na normativa sobre emprego público aplicable ao persoal do Concello de Ames do titular que xa viña ocupando o posto, e este estivera sendo substituído por un dos integrantes das bolsas de traballo de cobertura temporal do anterior artigo. Neste caso, a cobertura do posto recaerá sobre a persoa que estivera cubrindo dita substitución, e sempre e cando non se chegue a producir en ningún momento previo á perda ou cambio de posto a incorporación efectiva do titular ao seu posto de traballo

Ames, 29 de decembro de 2017

O alcalde

José M. Miñones Conde